

As ideas máis orixinais para aprender idiomas

Charlas de especialistas e máis dun cento de propostas sobre ensino de linguas, tradución e tecnoloxía. O 'VI Congreso de lingua, lingüística e tecnoloxía (TechLING2021)' da Universidade de Vigo, que se desenvolveu online durante tres días, foi seguido por profesionais de países como Xapón, Australia, China ou Brasil

■ Selina Otero
VIGO

En galego, español, portugués, francés e inglés. A riqueza das linguas, con innovadoras propostas sobre aprendizaxe, tecnoloxía e tradución e interpretación, mostrouse ao mundo hai uns días no 'VI Congreso de lingua, lingüística e tec-

noloxía (TechLING2021)' organizado pola Universidade de Vigo (UVigo). O comité científico: formado por máis de 85 persoas de Líbano, Exipto, Marrocos, Suíza, Francia ou Brasil. Máis de 100 relatorios individuais ou conxuntos neste congreso online. E máis de 250 persoas inscritas, de países como Xapón, Australia, China ou Brasil.

O Máster en Tradución para a Comunicación Internacional (MTCI) da Universidade de Vigo ten a Mención de Excelencia que concede a Xunta. A dirección deste congreso corre a cargo de tres membros titulares do Grupo de Investigación, Tradución e Paratradución (T&P) da UVigo: Emmanuel Bourgoïn Vergondy, Óscar Fer-



Profesores organizadores do congreso de linguas TechLING2021. //UVigo

reiro Vázquez e José Yuste Frías. Segundo Yuste, o multilingüismo do congreso é o máis salientable. "Os traballos expostos deixan ver a boa saúde das cinco linguas do congreso á hora de analizar, expor, criticar, reflexionar e dar exemplos prácticos das diferentes aplicacións da tecnoloxía dixital en tra-

dución e interpretación, na ensinanza de linguas e no tratamento automático das mesmas", indica.

"Se esta edición dá lugar ao nacemento dunha comunidade investigadora 'techLING' no ámbito mundial suporía para nós ter ido alén do reto", engade o profesor Óscar Ferreiro.

María Álvarez, autora del proyecto para aprendizaje de español a través de un videojuego de 'La Gitanilla'.

//Cristóbal Ferry



Un videojuego de 'La Gitanilla' para practicar español

La enseñanza de castellano a través de esta propuesta de la filóloga viguesa María Álvarez basada en la obra de Cervantes es una de las más de 100 propuestas de este congreso

Entre las propuestas expuestas en este 'VI Congreso de lengua, lingüística e tecnoloxía' se presentaron ideas tan originales como la enseñanza de castellano a través de un videojuego inspirado en la obra de Cervantes y que traslada al espectador-alumno/a a otra época, a varias ciudades de España en el siglo XVII. El título de esta innovadora propuesta para la

enseñanza de lenguas a través de la tecnología es: "Las aventuras de Preciosa; una propuesta de videojuego para el aprendizaje del español como lengua extranjera a partir de la Gitanilla de Cervantes". Y su autora: María Álvarez Villar, una joven de Vigo de 25 años, filóloga.

"Me gustan los videojuegos. Cuando estaba acabando el máster que hice

sobre enseñanza de español para extranjeros se me ocurrió esta idea. Comprobé, jugando, que muchos usuarios de videojuegos controlan el inglés del juego, palabras sobre armas, expresiones de ataque (en función del juego...) sin embargo dicen que no saben hablar inglés", comenta María.

Sobre esta idea base pensó cómo podría aplicarlo a la enseñanza del castellano. "Si soy capaz de crear el contexto adecuado considero que podrán aprender español, con una doble opción: enseñar castellano a extranjeros y también para hispanohablantes, con la posibilidad de aprender literatura de forma amena", describe la joven, que en la actualidad cursa el doctorado en la UVigo. "En 'La Gitanilla' se habla de varias ciudades; el jugador puede ver cómo eran esas ciudades en el siglo XVII, con un recorrido por el Madrid antiguo, por ejemplo", añade Álvarez, que espera que su propuesta tenga una buena acogida entre los profesionales de la enseñanza de la lengua, estudiantes y otros expertos que participaron en este congreso de lenguas lanzado desde la Universidad de Vigo. La ilusión de María es poder desarrollar el videojuego, tal y como está proyectado en el trabajo inicial.

Está pensado para un nivel B2 de español para extranjeros. La propuesta de María Álvarez formó parte del capítulo de tecnología aplicada a la enseñanza de este congreso 'TechLING2021'.



Emilio Neira (segundo pola esquerda), creador de 'Sintaxe', cos seus compañeiros de equipo. // Sintaxe

A gramática do francés cunha ollada inclusiva

O equipo do profesor Emilio Neira ideou un método que facilita a aprendizaxe do francés a todo o alumnado, independentemente das súas capacidades. Chámase 'Sintaxe'

Emilio Neira, docente natural de Rianxo e na actualidade en Suíza, empezou a pensar nun método para a aprendizaxe de linguas que fose inclusivo, que atendese a todo o alumnado, sen distincións. Era moi frustrante para Neira non poder dar resposta na aula a todos e a todas como precisaban.

Así foi creando 'Sintaxe', un método inclusivo de aprendizaxe da gramática

francesa (adaptable a outras linguas romances) para nenos e nenas de 6 a 11 anos.

"Fixeime no Fortnite, en como este xogo captaba a atención de toda a rapaza da, independentemente das capacidades de cada un", esa foi unha das ideas base.

Para desenvolver este método Emilio formou un equipo de profesionais galegos: Xiro Montero Outeiral e David Cuenca, artistas gráficos,

e Roberto Rama na parte dixital (aplicación web).

O método consiste na manipulación de pezas nas que se representan as distintas clases gramaticais (son 33 pezas para traballar as 9 categorías gramaticais: nome común, adxectivo, verbo...). Segundo fontes do equipo de Sintaxe: "o alumnado é protagonista da súa propia aprendizaxe, isto fai que non memorice os saberes sen comprendelos". "A filosofía pedagóxica tanto teórica como práctica de 'Sintaxe' fundaméntase nos postulados da metacognición, da ferramenta mediadora Vygotski e nas catro etapas de Leong e Bodrova: contacto, acompañamento, reflexión e autonomía cognitiva, para deste xeito desenvolver unha aprendizaxe significativa do alumnado con e sen necesidades específicas", engaden.

Emilio desenvolveu este traballo en Suíza, no cantón helvético de Vaud, onde imparte clase no centro de Sainte-Croix. Tamén alí cursou o mestrado profesional de Educación Especial, que compaxinou coa docencia. "Creo que todo docente debería ter formación en Educación Especial", apunta Neira. Os primeiros resultados deste método son positivos. "Nas probas anuais do cantón de Vaud, o centro de Sainte-Croix experimentou unha excelente mellora con 'Sintaxe'. En 'funcionamento da lingua oral e escrita' o centro estaba por debaixo da media do cantón nos anos 2015 e 2016 e consegue igualala en tan só un curso, no 2017, e superala nos anos seguintes", expresa o equipo. Esta foi unha das ideas presentadas neste congreso.